

UGT CONMEMORA O 25N BAIXO O LEMA “SINDICALISTAS FRONTE ÁS VIOLENCIAS CONTRA AS MULLERES E AS SÚAS CAUSAS” E DEMANDA AUMENTAR OS RECURSOS PARA COMBATER ESTA LACRA E LOITAR CONTRA OS DISCURSOS NEGACIONISTAS

DENDE O 2003 EN GALICIA FORON ASASINADAS POLAS SÚAS PARELLAS OU EXPARELLAS 68 MULLERES E DÚAS NO QUE VAI DE 2023

Ademais, tres menores vítimas da violencia vicaria dende o 2013 e 18 orfos. Preocupa o incremento das agresións sexuais con autores menores, 58 investigacións abertas no 2022



Redacción.- Co gallo da celebración este sábado do 25N, Día internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres, UGT-Galicia insiste en que “fronte á violencia contra as mulleres, tolerancia cero” e fai un chamamento a toda a cidadanía para combater estas violencias tanto nos centros da traballo como no conxunto da sociedade e chama tamén ao rexeitamento frontal e á condena dos discursos negacionistas que poñen en perigo os avances e revitimizan ás mulleres superviventes. Discursos que non poden seguir negando a realidade, que se fai máis que evidente no informe elaborado por UGT para este 25N, data que o Sindicato conmemora este ano baixo o lema “Sindicalistas fronte ás violencias contra as mulleres e as súas causas”.

As cifras están aí, son escandalosas e indiscutibles. Ao abeiro da Lei orgánica de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, 1/2004, contabilízanse un total de 52 mulleres asasinadas pola súa parella ou exparella no que vai de 2023 (ata o 8 de novembro), dúas delas en Galicia, unha delas con denuncia previa e ningunha delas convivía xa co

seu agresor.

Dende o 2003, 1.237 mulleres foron asasinadas polas súas parellas ou exparellas, máis dunha muller asasinada cada seis días. En Galicia foron 68, de media catro mulleres ao ano.

Os menores, vítimas tamén desta lacra por dúas vías. Vítimas da violencia vicaria, dende 2013 ata o 23 de xaneiro de 2023, 49 menores menores foron asasinados, tres deles en Galicia. Por outra banda, están os menores que quedan orfos ou orfas por mor desta violencia, 428 dende o 2013 ata o 8 de novembro de 2023, 18 en Galicia. No que vai de 2023 esta cifra xa ascende a 51, dous en Galicia.

As denuncias por violencia de xénero na parella ou exparella incrementáanse. Dende o ano 2009 Galicia rexistra 84.898 denuncias

En canto ás denuncias, o número das presentadas e tramitadas por violencia de xénero na parella ou exparella vaise in-

crementando progresivamente. En 2022 superouse a serie histórica con 182.078 denuncias. En termos acumulados, dende o ano 2009, Galicia rexistrou 84.898 denuncias, segundo datos facilitados polo Consello Xeral do Poder Xudicial.

No 2022 en Galicia os xulgados recibiron 7.029 denuncias, con 6.912 vítimas, un 11,1% máis que o ano anterior

O último informe do Observatorio contra a Violencia Doméstica e de Xénero indica que no segundo trimestre de 2023 o número de vítimas de violencia de xénero foi de 1.678, ás que hai que engadir as 1.732 do primeiro trimestre. O informe de 2022 da Delegación do Goberno contra a Violencia de Xénero indica que en Galicia os xulgados recibiron un total de 7.029 denuncias, un 12,3% máis que o ano anterior, e as mulleres vítimas de violencia machista foron 6.912, un 11,1% máis ca no 2021. Ao longo de 2022 un total de 1.349 homes foron rexistrados como denunciados por violencia de xénero nos asuntos con orde de

protección ou medidas cautelares ditadas inscritos no rexistro, o que representa un 12% máis ca no ano anterior.

501 casos de agresións sexuais investigados no 2022 en Galicia

Por outra banda, segundo a memoria da Fiscalía Xeral do Estado de 2022, en Galicia os delitos de agresións sexuais investigados medraron de 426 en 2021 a 501 casos en 2022, o que supón un 17,6% máis.

A violencia contra as mulleres é a máxima expresión da desigualdade entre homes e mulleres e existen diversos tipos desta violencia, a violencia na parella ou exparella, como acabamos de ver; a trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual; a violencia sexual; a mutilación xenital feminina, os matrimonios forzados...

De feito, os datos da Macroenquisa de violencia contra a muller de 2019 recollen que unha de cada dúas mulleres residentes en España de 16 ou máis anos sufriron violencia ao longo das súas vidas.

34 feminicidios, tres deles en Galicia, no 2022

Os feminicidios fóra da parella ou exparella comezaron a contabilizarse oficialmente dende o ano 2022. Así, os datos provisionais de feminicidios por outras violencias machistas en 2022 non perpetrados por parellas ou exparellas, segundo a Delegación do Goberno contra a violencia de xénero, foron 34, dos cales o 61,8% foron familiares; o 11,8% foron sexuais; e o 26,5% sociais. En Galicia cífranse en tres.

O que resulta evidente, á vista dos datos, é que o fogar familiar segue a ser o lugar máis inseguro para as vítimas de violencia de xénero, tanto nos asasinatos cometidos polas parellas ou exparellas como nos feminicidios familiares.

UGT-Galicia alerta sobre o alarmante incremento das agresións sexuais de menores. Segundo a memoria da Fiscalía Xeral do Estado de 2022, as investigacións abertas por agresións sexuais con autores menores de idade en Galicia foron 58 no 2022, cando no 2019 foron 23.

Ademais, a Fiscalía advirte do aumento de delitos contra a liberdade sexual cometidos a través de internet e aqueles que se perpetran na contorna lúdica, na que é habitual a submisión química das vítimas con alcol ou outro tipo

de substancias.

Violencia contra as mulleres no eido laboral

Outra das manifestacións da violencia contra as mulleres prodúcese no ámbito laboral. O acoso sexual e o acoso por razón de sexo son as expresións máis frecuentes desta violencia que sofren dunha forma abrumadoramente maioritaria as mulleres. Todas as traballadoras son susceptibles de sufrir acoso sexual e acoso por razón de sexo pero as máis expostas son as mulleres con peores condicións laborais. Factores de risco como a precariedade ou a realización do traballo en condicións de illamento son determinantes cando se analizan os perfís das vítimas. Neste senso, UGT-Galicia pon de manifesto que un dos principais problemas para abordar esta lacra no eido laboral é a carencia de datos oficiais ao respecto, pese ás reiteradas demandas do Sindicato ao respecto. Todo isto tamén desincentiva ás vítimas para denunciar os feitos.

Demandas

Fronte a esta lacra, tolerancia cero. UGT-Galicia insta ás forzas democráticas a reforzar o consenso e aumentar os recursos destinados a facer fronte ás violencias machistas, así como rexeitar de plano os discursos negacionistas que minimizan a súa incidencia e poñen en risco todo o avanzado.

UGT tamén insta a reforzar a educación en igualdade en todos os niveis co obxectivo de identificar e neutralizar estas violencias e desterrar estereotipos dende a infancia.

Tamén é necesario que os gobernos, tanto central, como autonómicos e locais, dediquen de xeito sostido e crecente os recursos necesarios, especialmente económicos, e que garantan en todos os ámbitos que lle son propios servizos de prevención e de atención integral ás vítimas.

UGT-Galicia insta ás forzas democráticas a que continúen reforzando como política de Estado os contidos do Pacto de Estado contra a violencia de xénero e a que elaboren propostas máis ambiciosas e eficaces para a Estratexia estatal para combater as violencias machistas 2022-2025. O Pacto de Estado debe ser unha ferramenta permanente e o seu financiamento debe ser suficiente e estable, garantindo a plurianualidade dos seus fondos. Tamén se demanda unha rede pública de atención integral a todas as vítimas que lles asegure unha aten-

ción especializada e interdisciplinar 24 horas os 365 días do ano.

O eido laboral é fundamental para garantir a autonomía das mulleres sobreviventes ás violencias machistas. Este tamén debe ser un espazo seguro. Para todo isto, UGT reivindica a extensión dos dereitos laborais (suspensión de contratos, mobilidade xeográfica e funcional...) recoñecidos ás vítimas de violencia de xénero ás vítimas de violencias sexuais.

Neste senso, en canto aos contratos bonificados, malia os esforzos, a porcentaxe de vítimas que accede aos mesmos é exigua. Un total de 56 mulleres, en Galicia, no ano 2022, segundo os datos da Delegación do Goberno contra a violencia de xénero. A mesma consideración en relación aos 60 contratos de substitución realizados para o fomento de emprego destas vítimas en Galicia no 2022. Por iso, reclámase a revisión das políticas activas de emprego para estas mulleres e a formación específica dos operadores que interveñen.

Neste contexto, a ratificación do Convenio 189 sobre as traballadoras e traballadores domésticos foi algo positivo, así como a entrada en vigor do Convenio 190 sobre a violencia e o acoso no mundo do traballo. Agora toca a inmediata posta en marcha dos instrumentos necesarios para darlles o axeitado cumprimento.

Compromisos

No eido sindical, UGT comprométese a formar e sensibilizar ao seu activo sindical e cadros de persoal fronte ás violencias machistas. Así como, que os delegados e delegadas exerzan de barreira fronte a calquera manifestación de violencia contra as mulleres.

Tamén existe o compromiso de negociar e aplicar os protocolos de acoso sexual e por razón de sexo previstos na lexislación e negociar plans de igualdade e medidas de acción positiva na negociación colectiva que contribúan á erradicación das discriminacións, aos estereotipos e á violencia. Ademais disto, o Sindicato comprométese a colaborar coas administracións públicas e coas asociacións de mulleres co fin de erradicar estas violencias, así como a asesorar ás vítimas sobreviventes.

Finalmente, UGT-Galicia fai un chamamento ao conxunto da cidadanía a participar nos actos reivindicativos do 25N porque, "fronte á violencia contra as mulleres, nin un paso atrás".

AS TRABALLADORAS E TRABALLADORES DO SERVIZO DE LIMPEZA DE CORREOS MANIFÉSTANSE NA CORUÑA

Redacción.- Continuando coas mobilizacións que se iniciaron xa hai tres meses, as traballadoras e traballadores do servizo de limpeza de Correos, da empresa J. Córdoba, manifestáronse este xoves polas rúas da cidade da Coruña.

Nóminas sen cobrar

Hai que lembrar que as traballadoras e traballadores deste servizo, uns 250 en toda Galicia, levan acumuladas xa cinco nóminas sen cobrar e están en folga indefinida. Demandan unha solución inmediata á súa situación que xa se está a facer

insostible e está a provocar circunstancias persoais especialmente complexas.

A resposta de Correos segue sen resultar satisfactoria para UGT. Se ben é certo que resolveron a incertidume a varios servizos, aínda a problemática persiste en varias comunidades autónomas, entre



elas Galicia. Situación que obriga a adoptar decisións inmediatas.

O SECTOR DA LIMPEZA DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA MOBILÍZASE DE NOVO EN VIGO

Redacción.- As traballadoras e traballadores do sector da limpeza da provincia de Pontevedra concentráronse de novo esta semana en Vigo, fronte á sede da CEP, en demanda dun convenio digno para o sector e para denunciar as propostas insuficientes da patronal. Dende FeSMC UGT lamentan que a patronal ofrezca un 8% para tres anos ante as subidas de prezos que se rexistraron nos últimos exercicios. Xa van máis de 10 meses de negociación e non hai avances. A redución da xornada anual é outro cabalo de batalla que a patronal tampouco acepta.



OS BOMBEIROS COMARCAIS INTENSIFICAN AS SÚAS MOBILIZACIÓNS

Anuncian unha acampada indefinida en Santiago e unha folga de fame no momento en que o presidente da Xunta convoque as eleccións autonómicas

Redacción.- Os bombeiros comarcais continúan a súa loita e, ante o silencio e nulos avances nas negociacións por parte tanto das catro deputacións como da Xunta, veñen de decidir en asemblea, celebrada o pasado día 20, unha serie de medidas para intensificar o calendario de mobilizacións.

Xa o pasado venres protagonizaron unha concentración na praza do Obradoiro.

E tamén está prevista unha batería de medidas administrativas e xurídicas, como a exposición da situación ante o Valedor do Pobo, o Defensor do Pobo e o Ombudsman. A situación tamén será leva á Fiscalía xeral, polos xa 450 peches de parques que se produciron ata o de agora. Ademais, comezaranse a denunciar ante a Inspección



ción de Tránsito todas as irregularidades que se están a producir en materia de seguridade e prevención, como paso previo á demanda xudicial.

Acordouse tamén iniciar unha acampada indefinida en Santiago e

unha folga de fame no momento en que o presidente da Xunta faga pública a convocatoria de eleccións.

A solicitude do cese do director xeral de Emerxencias de Galicia tamén está enriba da mesa.

O ACORDO SOBRE AS PENSÍONS LOGROU UN SISTEMA MÁIS EQUITATIVO, SOLIDARIO E SOSTIBLE

Redacción.- A secretaria confederal de Política Institucional e de Políticas Territoriais de UGT, Cristina Estévez, participou no seminario “A reforma de pensións e o diálogo social” destinada a explicar aos delegados e delegadas do sindicato en que consiste a reforma das pensións acordada polos axentes sociais e o Goberno.

Cristina Estévez manifestou que se trata dunha reforma que supón un novo sistema público moito máis equitativo, solidario e, sobre todo, sostible”.

Estévez explicou que a “sustentabilidade do sistema, estaba en dúbida na contorna europea, pero con

esta reforma, España erixiuse como un modelo para seguir sustentado en pensións fortes, revalorizadas co IPC e que garante pensións dignas a pensionistas presentes e futuros, xa que se puxeron as bases para que o sistema conte con ingresos suficientes que sufragen as próximas décadas, para que, desde 2035 a 2050 cúbranse as pensións da xeración do baby boom”.

Estévez resaltou a importancia da nova cotización do traballo a tempo parcial que, a partir de agora, cotizará como a tempo completo e que “afecta na súa maior parte ás mulleres, polo que, con este novo sistema poderemos reducir a brecha de xénero das pensións”.

FOLGA HOXE NAS PERFUMERÍAS DE ARENAL DA PROVINCIA DA CORUÑA

Redacción.- Hoxe as traballadoras e traballadores das perfumerías Arenal na provincia da Coruña están a secundar unha xornada de folga convocada en demanda de melloras salariais ata acadar, cando menos, as condicións establecidas no convenio de comercio minorista da provincia da Coruña.

Esta convocatoria contou co respaldo maioritario das traballadoras e traballadores en asemblea nas tres localidades onde Arenal ten centros na provincia, A Coruña, Santiago e Carballo.

UGT e CCOO CONSIDERAN INSUFICIENTE A OFERTA DA CEOE



Redacción.- Ambos os sindicatos valoran positivamente a vontade manifestada polas organizacións empresariais de subir o Salario Mínimo Interprofesional (SMI) para 2024. Con todo, entenden que o SMI debe de proporcionar o mínimo de suficiencia e dignidade que sinala a Carta Social Europea (60% do salario medio), polo que non é adecuado ligar os incrementos do SMI ao acordado no V AENC. O AENC recolle cláusulas vinculadas á evolución da inflación, habituais nos convenios colectivos, pero de difícil aplicación nun

Salario Mínimo.

UGT e CCOO consideran que a subida do SMI ten que garantir o cumprimento do mandato da Carta Social Europea –60 % do Salario Medio do país, como se recolle no acordo de investidura – e que para garantir os estándares europeos de dignidade e suficiencia tamén deber ter en conta a evolución dos prezos dos produtos básicos, como a alimentación, que constitúen a parte fundamental da cesta da compra de quen percibe a renda básica para ga-

rantir que este salario cobre as necesidades básicas das persoas traballadoras e as súas familias.

CCOO e UGT manifestan a súa disposición para negociar, como sempre, o incremento do Salario Mínimo Interprofesional e, nese sentido, solicitan ao Goberno que canto antes proceda a convocar aos interlocutores sociais para abordar este proceso, coa vontade de chegar a un acordo sobre unha cuestión tan importante para as persoas traballadoras.

URXE PROTEXER ÁS PERSOAS TRABALLADORAS DA EXPOSICIÓN LABORAL A CANCERÍXENOS

Redacción.- Segundo a folia de ruta sobre cancerixenos de 2016, cada ano prodúcense na UE ao redor de 120.000 casos de cancro relacionados co traballo como resultado da exposición a cancerixenos no traballo, que dan lugar a uns 80.000 falecementos ao ano.

En España, estímase que falecen anualmente 8.700 homes e 850 mulleres por cancros debidos a exposicións laborais. Con todo, a súa declaración e recoñecemento é ínfima, xa que en 2022 unicamente recoñecéronse 107 enfermidades profesionais causadas por axentes cancerixenos, das cales 99 foron entre homes e 8 en mulleres, sendo 76 do total, debidas ao amianto.

A este respecto, Ana García de la Torre reivindicou a “urxencia de protexer á poboación traballadora da exposición a cancerixenos na contorna laboral. Debe mellorarse a identificación e o recoñecemento das enfermidades profesionais causadas por axentes cancerixenos e acabar dunha vez por todas coa súa infranotificación, para o que debe acelerarse todo o posible o desenvolvemento do primeiro plan de acción da Estratexia Española de Seguridade e Saúde no Traballo”.

A Enquisa sobre a exposición do persoal a factores de risco de cancro en Europa, levada a cabo pola Axencia Europea para a Seguridade e Saúde no Traballo, cuxos resultados foron presentados na Xornada, identificou que a radiación solar ultravioleta, as emisións de escape dos motores diésel, o benceno, a sílice cristalina respirable e o formaldehído son as exposicións



profesionais probables máis frecuentes entre os distintos factores de risco de cancro analizados.

Ademais, a enquisa detectou que o persoal de pequenas empresas ou microempresas (con menos de cincuenta empregados) tiña 1,3 veces máis probabilidades de verse exposto a un ou máis factores de risco de cancro que o de empresas medianas ou grandes.

Sobre estes datos, Ana García de la Torre destacou “a importancia de cumprir coa normativa vixente en materia de prevención de riscos laborais fronte a axentes cancerixenos. A contorna laboral, ou substituír os axentes perigosos por outros que non entrañen riscos para as persoas traballadoras, a realización de avaliacións de risco e a adopción de medidas preventivas e organizativas, son medidas esenciais para evitar que as persoas traballadoras padezan cancro de orixe laboral”.

Aplicar a directiva europea sobre cancerixenos

A secretaria de Saúde Laboral instou

ao novo Goberno de España a que “tome como urxente a trasposición da cuarta modificación da Directiva Europea sobre protección das persoas traballadoras a cancerixenos e mutáxenos no traballo. Aínda que o prazo dado pola Unión Europea acaba o 5 de abril de 2024, debe ser un asunto prioritario para evitar máis cancros de orixe laboral. E é que o padecer un cancro de orixe laboral é un enorme problema para a persoa traballadora e para os seus familiares.”

Doutra banda, tamén reclamou “ambición aos distintos Estados membro en canto á aplicación da futura quinta modificación da Directiva sobre cancerixenos, evitando o período transitorio de cinco anos que, parece vai establecer para o valor límite do chumbo. Evitar un período transitorio de cinco anos para o chumbo vai supoñer a mellora da protección da saúde de ao redor de 1,5 millóns de persoas traballadoras na Unión Europea. En canto á sexta revisión da Directiva, desde UGT pedimos que se aceleren os prazos para a súa aprobación e así o solicitamos ao Ministerio de Emprego, dado que ata final de ano España ten a Presidencia do Consello da Unión Europea”.

A nova nueva lexislatura debe impulsar os dereitos dos profesionais e técnicos

Redacción.- O vicesecretario xeral de Política Sindical de UGT clausurou a xornada sobre flexibilidade no traballo da Unión de Técnicos e Cadros. Unha xornada na que tamén interveu a secretaria confederal do sindicato, Patricia Ruiz, e na que Luján destacou “a importancia dos profesionais e técnicos no mundo do traballo nun momento apaixonante como o que vivimos e ante o que hai que dar respostas efectivas”.

Un tempo marcado polo novo Goberno. “Impórtanos a axenda social do novo Executivo. Os pactos de investidura son boas follas de ruta que hai que desenvolver con medidas como unha necesaria Lei de Participación Institucional que in-

clúa aos sindicatos e recoñeza o noso papel no impulso do benestar económico e social”.

Neste sentido, lembrou que “desde UGT, negociamos miles e miles plans de igualdade, para todos os traballadores e traballadoras (non só afiliados/as), porque o exige a lei. O custo é máis de 14 millóns de euros, que saen das cotas dos nosos afiliados e afiliadas, non das subvencións. Na negociación colectiva, nos 4.000 convenios que negociamos para 12 millóns de persoas, tamén nos gastamos as cotas dos nosos afiliados e afiliadas. Todas as persoas traballadoras beneficianse da nosa acción sindical”.

Para Fernando Luján, “algúns non se acordan da Constitución mentres non lles interesa. Son moi defensores da mesma, pero se hai que vulnerar o dereito fundamental de folga ou o dereito á negociación colectiva, que tamén están incluídos nela, xa non lles importa tanto. Queren volver a 1936 e minar toda a arquitectura constitucional”. Por iso, defendeu “que é a hora de que se faga unha lei que permita a participación das persoas traballadoras nas empresas”. O vicesecretario xeral de Política Sindical de UGT tamén reclamou a necesidade de “afrontar o Estatuto do Traballo do século XXI”. Vai no programa de investidura e tense que cumprir. Hai que adaptar os empregos á nova economía.